



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

---

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** Casa do Concello  
**Día:** 20 de novembro de 2014  
**Hora de comezo:** 13.45 h  
**Hora de remate:** 14.15 h

### **ASISTENTES:**

Don Jesús Sanjúas Mera  
Don Manuel Mouriño Varela  
Dona Raquel García Fraga

### **AUSENTES:**

Don Jesús J. Santasmarinas Devesa

No salón de sesións da Casa do Concello presidindo o alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria - interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Solicitudes subvencións á Deputación Provincial da Coruña, ano 2015**
- 3. Rexeitamento reclamación de responsabilidade patrimonial. Exped. 14/1814**
- 4. Xustificación da subvención do “programa de apoio ós centros de información á muller 2014”**
- 5. Alta no servizo de saneamento**
- 6. Aprobación de facturas**
- 7. Finalización contrato do servizo de axuda a domicilio**
- 8. Rogos e Preguntas**

### **DELIBERACIÓNS**

#### **1.Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 6 de novembro de 2014.

## 2.Solicitudes subvencións á Deputación Provincial da Coruña, ano 2015

### A) Solicitud de adhesión ao programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais para o exercicio 2015

No BOP núm. 209 do 31 de outubro de 2014 publícanse as bases reguladoras do “Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais para o exercicio 2015”.

Este Plan convócase ao amparo do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, e que no seu artigo 31 establece que as deputacións proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos con menos de 20.000 habitantes, na execución das súas competencias en materia de servizos comunitarios.

Para a cuantificación das achegas a cada concello, establécense módulos, os cales van referidos ao cofinanciamento dos gastos polos conceptos de salarios e Seguridade Social do persoal con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do/da profesional de referencia, regulado no artigo 37 do Decreto 99/2012: persoal auxiliar administrativo, persoal técnico de grao medio e persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar na modalidade de SAF básico.

Segundo os ditos módulos de financiamento, ao Concello de Boqueixón correspóndelle as seguintes contías (Anexo 1):

Módulo	Concepto subvencionado	Achega máxima
IC	Persoal auxiliar administrativo	12.028,57€
IA	Persoal auxiliar administrativo	13.915,53€
IID	Persoal Técnico de grado medio	13.928,85€
IV	Persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar básico	17.643,83€
	TOTAL	57.516,78€

Con base no establecido nas bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2015, a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Que coñece e acepta as bases da convocatoria, do **programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2015** e os compromisos que nela se inclúen.
- 2.- Adherirse ao Programa de Servizos Sociais Comunitarios da Deputación da Coruña para o 2015, de acordo coas contías xerais previstas na Base 14 do Programa e co financiamento que se indica no Cadro de orzamento e financiamento previstos que se achega xunto coa solicitude.

- 3.- Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias e de completar coa súa achega económica o financiamento dos módulos solicitados para o desenvolvemento do Programa.
- 4.- Aceptar o compromiso de publicitar a achega provincial e de facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña en todas as comunicacións polas que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet.
- 5.- A entidade acepta a regularización financeira para compensar os reintegros derivados da xustificación do Programa de anos anteriores
- 6.- Facultar expresamente ao alcalde/sa ou representante da entidade local para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**B) Solicitude subvención “Programa de Promoción da Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, Proxecto CI-5 , Conciliación e Responsabilidades Compartidas”.**

Á vista da convocatoria da Deputación Provincial da Coruña de subvencións dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2015 ( BOP nº 209 de 31 de outubro de 2014 ), a Xunta de Goberno acorda :

- 1.Solicitar subvención para levar a cabo actividades de conciliación e responsabilidades compartidas , dentro do Proxecto CI-5 , Conciliación e Responsabilidades compartidas, dentro do programa de promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes  
O programa de conciliación está dirixido a poboación infantil ata 12 anos, a ofrecer fóra do horario escolar, en horario laboral e durante ou abarcando todos os períodos de vacacións, con persoal especializado e traballando conscientemente a transversalidade de xénero.  
Fomentarase igualmente a igualdade de xénero, na cal mulleres e homes actúen corresponsablemente nas tarefas domésticas.
- 2.Orzamento total a solicitar 9.060,99 euros. O importe total da actividade é polo mesmo importe.
- 3.Acreditar ter elaboradas, rendidas e aprobadas as liquidacións ou contas do exercicio vencido correspondente 2013.
- 4.Dispoñer dos fondos necesarios para facer fronte, no seu caso, ao importe do orzamento que non resulte subvencionado.
- 5.Declaración de estar ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e autorización para que a Deputación Provincial da Coruña poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.
- 6.Autorizar á Deputación Provincial da Coruña para aplicar a compensación coa contía das axudas, no caso que proceda.

Así mesmo autorizar á Deputación Provincial da Coruña para que aplique a compensación para o cobramento de sancións salvo que se formule oposición as mesmas por parte da entidade sancionada ata que se resolva o recurso.

**7.O** Concello de Boqueixón non participa noutras convocatorias de 2015 da Deputación Provincial para as mesmas actividades para as que solicita esta axuda.

**8.O** compromiso de emprego da lingua galega e compromiso de emprego dunha linguaxe con perspectiva de xénero, por parte do Concello de Boqueixón.

**9.**Aprobar a memoria de actividades “Nos Conciliamos 2015”, cuxo obxectivo é fomentar as actividades culturais, educativas, e de lecer para a poboación infantil fóra do horario escolar, en xornada laboral dos pais/titores e en períodos vacacionais, no seu caso.

**10.**Nomear a don Jesús Sanjuás Mera como representante para as relacións entre esta entidade local e a Deputación Provincial.

**11.** Aceptar e coñecer as bases da convocatoria e os compromisos que se sinalan na mesma.

**12.** Designar o seguinte correo electrónico para as comunicacións de trámite e completar documentación: [cristina.carbajales@boqueixon.com](mailto:cristina.carbajales@boqueixon.com)

**13.**Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial da Coruña, Área de Servizos Provinciais. Sección de Servizos Sociais.

**14.** A entidade que represento consinte que os datos deste expediente queden incorporados ao Rexistro Público de Subvencións e aos ficheiros informáticos da Deputación da Coruña. Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros cuxa finalidade é conter os datos das persoas que participan nos programas de subvencións financiados pola Deputación, inscritos na Axencia Española de Protección de Datos e poderán ser incluídos na páxina web. O órgano responsable do ficheiro é a Deputación Provincial da Coruña e o enderezo onde o interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición é a Avda. Alférez Provisional nº 2 15006 A Coruña, todo o cal se informa en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/119, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento

C) Solicitud de subvención para o desenvolvemento de servizos sociais durante o ano 2015: programas de envellecemento activo para as persoas maiores no ano 2015 (Mantemento: FOO36A).

No BOP núm. 209 do venres 31 de outubro de 2014 publícanse as Bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas aos concellos e outras entidades locais, da Deputación Provincial da Coruña, ano 2015. Así mesmo, publícase a Convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de programas de envellecemento activo para as persoas maiores no ano 2015 (Mantemento: FOO36A).

Con base no establecido nas bases específicas da convocatoria (FOO36A), a Xunta de Goberno acorda:

1. Solicitar a dita subvención para o desenvolvemento do Programa de Saúde e Calidade de Vida correspondente ao código **EAS-2: Proxectos para a prevención do deterioro mental.**
2. Solicitar como importe: 3000 €, sendo o orzamento total establecido para o desenvolvemento do Programa de Prevención da Dependencia: 4000 €
3. Autorizar á Deputación para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordear os pagamentos das subvencións.
4. Acreditar ter aprobada a Conta xeral do exercicio 2013 e presentada ante os órganos de control externo.
5. Declarar o cumprimento de todos os requisitos esixidos nas bases reguladoras e a aceptación dos compromisos que nela se inclúen.
6. Adoptar o compromiso de emprego dunha linguaxe con perspectiva de xénero.
7. Declarar a previsión de obtención dunha contía de 600€ para a mesma finalidade en concepto de copagamento das persoas participantes no programa.
8. Aprobar a memoria explicativa das actividades que se van a realizar no dito programa.
9. Facultar expresamente ao alcalde don Jesús Sanjuás Mera como representante para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.
10. Designar o seguinte correo electrónico para as comunicacións relativas á tramitación da subvención: [ana.anta@boqueixon.es](mailto:ana.anta@boqueixon.es)
11. Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial da Coruña, Área de Servizos Sociais, Sección de Servizos Sociais.

D) Solicitude de subvención para o desenvolvemento de servizos sociais durante o ano 2015: desenvolvemento do programa de servizos sociais comunitarios básicos, código: CCB-4. Programa básico de inserción social.

No BOP núm. 209 do venres 31 de outubro de 2014 publícanse as Bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas aos concellos e outras entidades locais, da Deputación Provincial da Coruña, ano 2015. Así mesmo, publícase a Convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para o mantemento de servizos sociais durante o ano 2015 (Referencia: FOAXCA).

Con base no establecido nas bases específicas da convocatoria (FOAXCA), a Xunta de Goberno acorda:

1. Solicitar a dita subvención para o desenvolvemento do Programa de Servizos Sociais Comunitarios Básicos, código: **CCB-4. Prógrama básico de inserción social.**
2. Solicitar como importe: 1.1163 €, sendo o orzamento total establecido para o desenvolvemento do programa: 13.163 €
3. Autorizar á Deputación para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordear os pagamentos das subvencións.
4. Acreditar ter aprobada a Conta xeral do exercicio 2013 e presentada ante os órganos de control externo.
5. Declarar o cumprimento de todos os requisitos esixidos nas bases reguladoras e a aceptación dos compromisos que nela se inclúen.
6. Adoptar o compromiso de emprego dunha linguaxe con perspectiva de xénero.
7. Declarar non ter solicitado nin obtido algunha outra subvención ou ingreso, público ou privado, especificamente destinado á mesma finalidade.
8. Aprobar a memoria explicativa das actividades que se van a realizar no dito programa.
9. Facultar expresamente ao alcalde don Jesús Sanjuás Mera como representante para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.
10. Designar o seguinte correo electrónico para as comunicacións relativas á tramitación da subvención: [ana.anta@boqueixon.es](mailto:ana.anta@boqueixon.es)
11. Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial da Coruña, Área de Servizos Sociais, Sección de Servizos Sociais.

### **3. Rexeitamento reclamación de responsabilidade patrimonial. Exped. 14/1814**

#### Antecedentes

O día 14 de outubro de 2014, co número de entrada 14/1884, recíbese no Concello de Boqueixón escrito de reclamación en materia de responsabilidade patrimonial da Administración, presentado por don Luis Alfonso Rieiro Noya, procurador nos tribunais, en representación de don xxxxx.

No citado escrito o señor Rieiro Noya expón que *“O 27 de maio de 2014, sobre as 00.10 horas, don Jonathan xxxxx circulaba co vehículo, marca Seat, modelo León, matrícula xxxxx, propiedade de D. Eduardo xxxxx, pola estrada AC-960 da N-525 (Sta María Marrozos) a Ponteledesma, cando no punto quilométrico 13.5, sentido descendente, no*

*lugar do Forte, Concello de Boqueixón, o condutor viuse na necesidade de apartar cara á beiravía. Posto que unha arqueta que estaba en dito punto estaba rota, ó pasar sobre a mesma introduciu nela a súa roda posterior, e como consecuencia causaronse danos nunha llanta e reventou un pneumático.”*

Así mesmo sinala que “*o titular da tapa do alcantarillado é o Concello de Boqueixón*”.

Solicita que se admita a reclamación en materia de responsabilidade patrimonial e que no seu día se dite resolución estimando a mesma e se lle recoñeza a don Eduardo xxxxx o dereito a unha indemnización de 400 euros, máis os intereses legais.

Achega a seguinte documentación: copia de escritura notarial de poder para pleitos outorgada a don don Luis Alfonso Rieiro Noya, procurador nos tribunais en favor de don Eduardo xxxxx; copia do permiso de conducción de don Jonathan xxxxx; copia do permiso de circulación; copia do informe estatístico do destacamento de Santiago de Compostela, unidade 1504, axentes instrutores número 1 (P05088Z) e número 2 (P50622F) e código de accidente 201415012000009; o cal reflicte datos do accidente que non se axustan ós datos reais da estrada, según o informe do técnico municipal que se lle achega; tres fotografías dunha roda con danos na llanta e no pneumático; factura de reparación número 508/LA/14 de data 02/07/2014 , por importe de 401,49 (se ben a cantidade aboada é de 400,00 euros e así se acredita con xustificante de pagamento bancario de data 02/07/2014, posto que dita empresa/taller redondea a contía); copia de xustificante de pago de seguro á compañía Allianz e declaración de D. Eduardo xxxxx de non haber sido indemnizado.

O informe do responsable do Departamento de Urbanismo do Concello de Boqueixón, de data 23 de outubro de 2014, vistos os feitos descritos e examinada a documentación presentada, sinala que o punto quilométrico 13.5 da estrada N-525(Sta María de Marrozos) a Ponteledesma, non se empraza no lugar do Forte, senón que o punto quilométrico 13.5 da estrada N-525(Sta María de Marrozos) a Ponteledesma está emprazado no lugar de Camporrapado, sentido ascendente(nos feitos relatados, figura en sentido descendente). Ademais, o punto quilométrico 13.5 emprazado no lugar de Camporrapado, está a unha distancia aproximada de 6,5 quilómetros do lugar do Forte.

Sinala, así mesmo, que o punto quilométrico 13.5 non ten arcén, senón que todo o tramo da travesía de Camporrapado, conta con beirarrúas elevadas.

En relación coa tapa de alcantarillado sinala o informe que non se presentan datos, nin fotografías que fagan posible identificar a arqueta, nin o lugar do posible accidente.

Finalmente manifesta o informe que “ a estrada AC 960 é de titularidade autonómica. No termo municipal de Boqueixón, existen numerosas arquetas de augas pluviais e de augas fecais, sendo unhas de titularidade municipal e outras propiedade doutra Administración Pública.

Con data 27 de outubro de 2014 e número de saída 14/965 remítese escrito a don Luis Alfonso Rieiro Noya, procurador nos tribunais en favor de don Eduardo xxxxx, para que antes de comezar coa tramitación do expediente en materia de responsabilidade patrimonial aporte documentos ou datos necesarios e esenciais para a tramitación do mesmo.

Neste senso solicítaselle que aporte a seguinte documentación:

**1.** Punto quilométrico “**correcto**” no que supostamente acaeceu o sinistro, posto que o punto quilométrico que vostede indica e o lugar do suposto accidente non coinciden.

2. Identificación **concreta** da “suposta” arqueta rota, reportaxe fotográfica..., que fagan posible identificar a mesma.

3. Acreditar que a suposta arqueta rota é de titularidade municipal, tendo en conta que a estrada AC-960 non é titularidade do Concello de Boqueixón e que en dita estrada existen numerosas arquetas de augas pluviais e de augas fecais, sendo unhas municipais e outras, doutra Administración.

Xunta coa solicitude de datos esenciais remíteselle a seguinte documentación:

A) Copia compulsada do informe municipal, departamento de urbanismo, de data 23 de outubro de 2014, que literalmente di o seguinte:

*“**JUAN M. FREIRÍA BREY**, con DNI xxxxx, como responsable do departamento de urbanismo do Concello de Boqueixón (A Coruña), en base á solicitude da reclamación, en materia de responsabilidade patrimonial contra este concello, presentada a instancia con data do 14 de outubro de 2014 (con rexistro de entrada nº 14/1884), por D. **LUÍS ALFONSO RIEIRO NOYA**, procurador dos tribunais, con domicilio a efectos de notificacións en Santa Comba (A Coruña), xxxxxx, C.P. 15.840, en nome e representación de D. **EDUARDO xxxxx**, con DNI nº xxxxx, con domicilio a efectos de notificacións na parroquia de Carbia, lugar de xxxxx, no concello de Vila de Cruces (Pontevedra), e con relación aos seguintes feitos:*

*Con data do 27 de maio de 2014, sobre as 00:10 horas, D. **JONATHAN xxxxx**, maior de idade, veciño de Vila de Cruces (Pontevedra), con domicilio na parroquia de Carbia, lugar de xxxxx, e con D.N.I. nº xxxx, circulaba co vehículo propiedade de D. **EDUARDO xxxxx**, marca Seat, modelo León, matrícula xxxxx, pola estrada AC-960 de N-525 (Sta. María de Marrozos) a Ponteledesma, cando no punto quilométrico 13.5, sentido descendente, no lugar de **FORTE**, municipio de Boqueixón, o condutor viuse na necesidade de apartar hacia o “arcén”. Posto que unha arqueta que estaba no dito punto estaba rota, ó pasar sobre a mesma, introdúcese nela a roda posterior, e como consecuencia causáronse danos nunha “llanta” e rebentou un “neumático”.*

*Vistos os feitos descritos, e examinada a documentación presentada, cumpre informar o seguinte:*

*1º.- O punto quilométrico 13+500, da estrada AC-960 de N-525 (Sta. María de Marrozos) a Ponteledesma, **non se empraiza no lugar de FORTE.***

*2º.- O punto quilométrico 13+500, da estrada AC-960 de N-525 (Sta. María de Marrozos) a Ponteledesma, **está empraizado no lugar de Camporrapado.***

*3º.- O punto quilométrico 13+500, da estrada AC-960 de N-525 (Sta. María de Marrozos) a Ponteledesma, empraizado no lugar de Camporrapado, **está en sentido ascendente** (nos feitos relatados, figura en sentido descendente).*

*4º.- O punto quilométrico 13+500, da estrada AC-960 de N-525 (Sta. María de Marrozos) a Ponteledesma, empraizado no lugar de Camporrapado, **está a unha distancia aproximada de 6.5 quilómetros do lugar de Forte.***

*5º.- O punto quilométrico 13+500, da estrada AC-960 de N-525 (Sta. María de Marrozos) a Ponteledesma, empraizado no lugar de Camporrapado, **non ten arcén** (como se indica nos feitos relatados), **senón que todo o tramo da travesía de Camporrapado, conta con beirarrúas elevadas.***

*6º.- Na documentación presentada, faise constar que a tapa de alcantarillado é do Concello de Boqueixón, **pero non se presenta ningún dato, nin fotografía que fagan posible identificar a dita arqueta, nin o lugar do suposto accidente, xa que, como se***



**menciona anteriormente, o punto quilométrico definido (13.5), e o lugar do accidente (Forte), NON COINCIDEN.**

7º.- A estrada AC-960, é de titularidade autonómica (non municipal), e no seu trazado, no termo municipal de Boqueixón, existen numerosas arquetas de augas pluviais e de augas fecais, sendo unhas de propiedade municipal, e outras propiedade doutra administración pública (Xunta de Galicia).

**CONCLUSIÓN:** Vistos os datos aportados e a documentación achegada, non se pode determinar o lugar, nin o punto quilométrico, nin a arqueta causante do suposto accidente, xa que, o punto quilométrico e o lugar do suposto accidente **non coinciden**; e a suposta **arqueta rota, non se identifica para poder determinar a súa propiedade, polo que tampouco se pode determinar a responsabilidade patrimonial deste concello co feito descrito.**

Xunto a este informe incorpóranse os seguintes datos:

- Montaxe fotográfica, que inclúe o trazado da estrada autonómica AC-960, sobre a localización do punto quilométrico 13.5, no lugar de Camporrapado, e no que se delimitan os puntos quilométricos 13.0; 13.5 e 14.0.
- Plano de situación xeográfica (a escala 1:25.000, copia obtida do Mapa Topográfico Nacional de España), da estrada AC-960, sobre o que se sinalan os lugares de FORTE, e CAMPORRAPADO, situados a unha distancia aproximada de 6,5 quilómetros entre ambos; e sobre o que se pode observar que o lugar de Forte, sitúase entre os puntos quilométricos 7 e 8, e o lugar de Camporrapado sitúase entre os puntos quilométricos 13 e 14.

O que se informa aos efectos oportunos”

B) Planos de situación

Don Luis Alfonso Rieiro Noya, procurador nos tribunais en favor de don Eduardo xxxxx, recibe o escrito o 29/10/2014.

O 12 de novembro de 2014, co número de rexistro de entrada 14/2092, Don Luis Alfonso Rieiro Noya, procurador nos tribunais en favor de don Eduardo xxxxx, presenta escrito no cal expón que recibiu o escrito do concello o 29/10/2014 no cal se lle require efectuar aclaracións o escrito de responsabilidade patrimonial.

Neste senso efectúa as seguintes aclaracións:

- “Que o punto quilométrico correcto é o 13.5 da estrada AC-960 da N-525 (Santa María de Marrozos) a Ponteledesma, enclavado no lugar de Camporrapado, e non no Forte como sinalaba o escrito presentado no seu día, erro provocado polo atestado da Garda Civil de Tráfico de Santiago, no cal constaba como lugar do accidente Forte (Boqueixón), se ben indica que o quilómetro é o 13.5.
- Que a arqueta rota é a que consta no reportaxe fotográfico que acompaña.
- Que a arqueta rota é a que se encontra na vía, como consta no reportaxe fotográfico que se acompaña, sen que esta parte poida concretar a titularidade, se ben, á vista das fotografías, trátase dunha arqueta de augas pluviais.”

Solicita que cumprindo co requirimento efectuado se continúe co procedemento e se estime a reclamación interposta polo señor Eduardo xxxxx.

Con data 14 de novembro de 2014, polo capataz de obras do Concello de Boqueixón preséntase informe técnico no cal se sinala o seguinte:

*“En relación co expediente de referencia 14/1884, de responsabilidade patrimonial, achégase por don Luis Alfonso Rieiro Noya, con data 12 de novembro de 2014, número de entrada 14/2092, escrito de aclaracións sobre o lugar do accidente e reportaxe fotográfica da arqueta de augas pluviais rota.*

*Afírmase que o lugar do accidente é o punto quilométrico 13.5, estrada AC-960 de la N-525 (Santa María de Marrozos) a Ponteledesma, lugar de Camporrapado.*

*Polo exposto, informo do seguinte:*

- 1. A estrada AC-960 é de titularidade autonómica (non municipal)*
- 2. Compróbase que na travesía de Camporrapado, punto quilométrico 13.5 , estrada AC-960 de la N-525 (Santa María de Marrozos) a Ponteledesma, existe unha arqueta de augas pluviais situada na citada estrada.*
- 3. As obras de canalización de augas pluviais, coas súas correspondentes arquetas de evacuación así como as beirarrúas, na travesía de Camporrapado, foron realizadas pola Administración Autonómica (Xunta de Galicia), titular da estrada AC-960.*
- 4. Tanto o mantemento como a conservación en bo estado das arquetas de augas pluviais da estrada AC 960, da N-525 (Santa María de Marrozos) a Ponteledesma, non son de competencia municipal de Boqueixón posto que non son da súa propiedade.”*

#### Consideracións xurídicas

- Artigos 139 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99 de 13 de xaneiro.

-RD 429/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial.

- Informe técnico de data 14 de novembro de 2014.

Neste caso tendo en conta que o vehículo circulaba pola estrada autonómica AC 960, da N-525 (Santa María de Marrozos) a Ponteledesma, punto quilométrico 13.5 e que o pasar sobre unha arqueta de augas pluviais, rota, situada na estrada AC-960, tal e como se afirma polo propio don Luis Alfonso Rieiro Noya, procurador nos tribunais en favor de don Eduardo xxxxx e vista toda a documentación aportada no expediente ( informes, reportaxes fotográficas, planos) queda claramente demostrado que o Concello de Boqueixón **non ten competencia** para resolver un expediente de responsabilidade patrimonial respecto dunha arqueta rota de augas pluviais situadas nunha estrada sobre a cal non ten nin a súa propiedade nin por suposto a obriga de proceder ó seu mantemento/ conservación.

Ditas competencias son propias da Administración titular da AC-960 de la N-525 (Santa María de Marrozos) a Ponteledesma.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Rexeitar a reclamación en materia de responsabilidade patrimonial presentada por don Luis Alfonso Rieiro Noya, procurador nos tribunais en favor de don Eduardo xxxxx, por non ser o Concello de Boqueixón titular da estrada AC-960, nin o obrigado polo tanto á conservación e mantemento das arquetas de augas pluviais situadas na mesma e en concreto da situada no punto quilométrico 13.5, “travesía de Camporrapado”.
2. Dar traslado deste acordo ó interesado os efectos oportunos.

#### **4.Xustificación da subvención do “programa de apoio ós centros de información á muller 2014”**

Con data do 7 de maio de 2014 sae publicado no DOG número 86 a Resolución do 30 de abril de 2014, da Secretaría Xeral de Igualdade , pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Esta Resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades locais de Galicia, de forma individual ou mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes, mediante a realización de actuacións dirixidas a favorecer a igualdade de oportunidades e de trato, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural, e á erradicación da violencia de xénero, e proceder á súa convocatoria para o ano 2014.

No artigo 1.2 establece que as actuacións sinaladas poderanse desenvolver a través dos seguintes programas:

- a) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- b) Programa de fomento da conciliación.
- c) Programa de apoio aos centros de información á muller (CIM).**

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 22 de maio de 2014 acordouse solicitar axuda económica respecto do programa de apoio ós centros de información á muller (CIM), SI427B, por importe de 28.000 euros para os custos directamente vinculados á contratación eventual ou mercantil de profesionais con funcións de asesoramento xurídico e psicolóxico. O orzamento total da actuación solicitada ascende a 40.525,11 euros.

No DOG Núm. 194, do 10 de outubro de 2014, sae publicada a Resolución do 7 de outubro de 2014, da Secretaría Xeral de Igualdade pola que se resolven as solicitudes de axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade.

Ó Concello de Boqueixón concédeselle unha subvención para asesoramento xurídico de 14.000,00 € e para asesoramento psicolóxico de 13.986,95 €. Total: 27.986,95 €.

A data límite de presentación da xustificación dos gastos efectuados é o 30 de novembro de 2014 e realizarase de acordo co disposto no artigo 35 das bases reguladoras.

Con data 11-11-2014 ingrésase, pola Xunta de Galicia, na conta do concello o importe de 22.389,56 €, en concepto de anticipo do 80 % da subvención total do SI427B-CIMS mantemento.

Tendo en conta :

A) Que se cumpren os obxectivos para o cales se concede a subvención: desempeño de labores de dirección do departamento do CIM, asesoramento xurídico e psicolóxico a mulleres vítimas de malos tratos , así como tamén a familiares dependentes e menores que o precisen de ditas mulleres e o fomento da conciliación e igualdade entre a poboación do concello de Boqueixón.

B) Así mesmo tendo en conta que o importe total de gastos do persoal contratado do CIM de Boqueixón durante o período subvencionable ( decembro do 2013 a novembro do 2014) ascende a 40.525,11 euros, cuxo desglose por posto de traballo é o seguinte :

Traballadora : Cristina Carbajales Nouriño (directora –avogada)

Total de gastos decembro de 2013 / novembro de 2014 : 22.088,76 euros.

Traballadora: Yolanda Neira Cristobo (psicóloga)

Total de gastos decembro de 2013/novembro de 2014 : 18.436,35 euros.

A Xunta de Goberno acorda :

1) Que se proceda por parte do CIM de Boqueixón a xustificar documentalmente os gastos realizados e a súa finalidade, cuxo importe final ascende a 40.525,11 euros, ante a Secretaría Xeral de Igualdade.

2) Solicitar o pagamento do 20 % restante da subvención, que ascende a un total de 5.597,39 €, de acordo co disposto no artigo 36 da Resolución do 30 de abril de 2014, da Secretaría Xeral de Igualdade , que establece as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

3) Que non se percibiron axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para este mesmo fin, financiados con fondos FSE ou outros fondos ou instrumentos financeiros comunitarios.

## 5. Alta no servizo de saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúese como beneficiario de dito servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
José David xxxxx	xxxxx	xxxxx Boqueixón (A Coruña)	54,81 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de saneamento á persoa que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

A alta concedida é para vivenda/explotación agrícola.

Don José David xxxxx aboou a taxa no número de conta xxxxx-( ABANCA ). Achega xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente .

## 6.Aprobación de facturas

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 40.254,00 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	Nombre	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	Mantemento informático mes de outubro	920	21300	600,00
2	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.	Asistencia técnico-urbanística mes de outubro	920	22706	1917,85
3	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	Consumo eléctrico depuradora de Orto	161	22100	5994,53
4	SOC. EST. CORREOS Y TELEGRAFOS, S.A.	Servizo de correos mes de outubro	920	22001	217,86
5	SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FREMAP	Prevención 01/11/14-31/01/15	920	22699	506,67
6	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico Local Social - Garderia mes de outubro	920	22200	47,89
7	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico Fax mes de outubro	920	22200	49,53
8	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico Centraliña mes de outubro	920	22200	481,69
9	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico alarma mes de outubro	920	22200	31,03
10	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico oficina correos mes de outubro	920	22200	23,98
11	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico Protección Civil mes de outubro	920	22200	29,14
				TOTAL	9.900,17

Aprobación de facturas pendente de pago:

	Nombre	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	ABARAJAR PRODUCCIONES, S.C.	Espectáculo I+D+I o 09/11 na Casa Cultura de Camporrapado	334	22609	850,00
2	ABRALDES GONZALEZ, JOSE	Reparacion pinchazos e 2 cubertas camión do lixo	162	21300	262,76
3	ANTONIO PENA, S.L.	Contrato de matemento fontanería locais municipais	920	21200	3500,00
4	ASCENSORES ENOR, S.A.	Mantemento ascensor mes de novembro	920	21200	76,23
5	AUTOELECTRICO SERGUDE, S.C.	Lámpra, fias, desengrasante,... camión do lixo	162	21300	73,05
6	AUTOELECTRICO SERGUDE, S.C.	Colocar espello retrovisor e de aprox., revisar luces C6531BM	130	21300	68,57
7	BERMUDEZ REBOREDO, JOSE	Teléfono móbil para Concelleira de Cultura	920	22200	79,90
8	BERMUDEZ REBOREDO, JOSE	Agasallos para o II Concurso fotográfico.	924	22699	149,91
9	BOTANA GRANJA, MANUEL	Copia chave, chaveiro, mango, escobas,...	920	21200	80,85

10	CASA CASTRO DE LAMAS, S.C.	Refrescos magosto celebrado na Casa da Cultura	924	22699	19,50
11	COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.	Recollida cartón mes de setembro	162	21300	388,98
12	COLLANTES VIEIRO, BENJAMIN	Material de oficina para obradoiros culturais	920	22000	564,39
13	COLLANTES VIEIRO, BENJAMIN	Material oficina para departamentos municipais	920	22000	467,63
14	COMPOSTELANA DE GAS 2011, S.L.	Carga de gas pavillón e campo de fútbol do Forte	341	22609	286,75
15	COMPOSTELANA DE GAS 2011, S.L.	Carga de gas pavillón e campo de fútbol do Forte	341	22609	172,05
16	CULTURACTIVA SOC. COOPERATIVA GALEGA	Actuación da compañía Peter Punk - Rede cultural 2014	334	22609	800,00
17	ESCOLA DE FUTBOL BOQUEIXÓN	Monitor de zumba - Camporrapado mes de outubro	341	22609	290,00
18	JOSE LUIS MARTINEZ CASAR-FERLO	Punteiro Hitachi H-65SB	453	21200	19,24
19	ORAL DE GALICIA	Actuación dos regueifeiros en ""BoqueiSons""	334	22699	300,00
20	PEDRAMAR STONE COLOURS S.L.	Material canteria e platinas para banco Sucira	453	21200	215,38
21	SANCHEZ CARRILLO, DAVID	Reparación cortasetos, filtros, fio, cable,...	130	21300	336,84
22	SAROLTA ZALAN	Liquidación de gastos Sarolta Zalán	920	23120	19,50
23	SERVICIOS Y MATERIALES, S.A. - SERMASA	Servizo axuda a domicilio - prestación básica outubro 2014	231	21000	1293,57
24	SERVICIOS Y MATERIALES, S.A. - SERMASA	Servizo axuda a domicilio mes de outubro	231	21000	16865,52
25	TEODORA KEZEVA	Liquidación de gastos Teodora Kuzeva	920	23120	55,20
26	TRANSPORTES MOSQUERA, S.L.	Autobús Ledesma-Codeso - programa Goza do Ulla	334	22300	180,00
27	TRANSPORTES MOSQUERA, S.L.	Autobús escolas CRA Boqueixón de Camporrapado a Silleda	334	22300	270,00
28	VAZQUEZ FERNANDEZ, MARIA DEL CARMEN	Alimentos Escola Infantil mes de setembro	231	22199	301,05
29	VAZQUEZ VECINO, ROCIO	Sarten para Escola Infantil	231	21000	47,04
30	WURTH ESPAÑA S.A.	Guantes de latex e disco de diamante cuadrilla de obras	453	21200	235,88
<b>TOTAL</b>					<b>28.269,79</b>

Por unanimidade acórdase aprobar os seguintes listados de facturas de CHC Energía que suman un total de 2.084,04 euros, con cargo ao Programa 150 Económica 22100, que se desagregan por orde de entrada no rexistro quedando do seguinte xeito:

Entrada Núm. 14/2087

Rel. facturas de Gres e Udesa Rex. 14-2087

Nº factura	Cups	Importe	Dirección suministro	Data emisión	Data facturación
1CSN141100076658	ES0221000001005034PR0F	85,99	Lugar Vila, S/N Local Social	06/11/14	01/09/14 a 31/10/14
1CSN141000086947	ES0221000001007050AQ0F	373,59	Lg. Ponte Ledesma S/N	31/10/14	01/09/14 a 31/10/14
1CSN141000086948	ES0221000001007059GW0F	301,18	Lugar da Baiuca, S.N	31/10/14	01/09/14 a 31/10/14
1CSN141000086949	ES0221000001007061GG0F	439,33	Lg. Ponte Ledesma S/N	31/10/14	01/09/14 a 31/10/14
1CSN141000066268	ES0111000009313060CD0F	155,62	Centro Cultural Camporrapado	14/10/14	02/09/14 a 01/10/14
1CSN141000086717	ES0221000001006049YG0F	400,43	Igrexa de Ledesma	31/10/14	01/09/14 a 31/10/14

1CSN141000086718	ES0221000001007055AK0F	327,90	Lg. Ponte Ledesma S/N	31/10/14	01/09/14 a 31/10/14
	<b>Total</b>	2.084,04			

## 7. Finalización contrato do servizo de axuda a domicilio

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 4 de xaneiro de 2012 iniciouse o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios para adxudicar o servizo de axuda no fogar.

Con data 14 de marzo de 2012 adxudicouse o contrato do servizo á empresa Servizos e Materiais SA, e con data 22 de marzo de 2012 asínase o contrato por un período de tres anos, prorrogables por un ano máis.

Indícase, así mesmo, no contrato que de non haber acordo de prórroga, deberase comunicar cun mínimo de 3 meses de antelación á data de finalización.

Consecuentemente, con data 22 de marzo do 2015, finaliza o contrato asinado e non sendo conveniente para os intereses municipais proceder coa prórroga do contrato, a Xunta de Goberno acorda:

1. Non prorrogar o contrato asinado coa empresa SERMASA con data 22 de marzo de 2012
2. Manter a prestación do servizo pola citada empresa ata o 22 de marzo de 2015
3. Comunicar este acordo a SERMASA

## 8. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente Jesús Sanjuás Mera remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria .

A secretaria – interventora

Visto e prace  
O presidente